

INFORME CLIMATOLÓXICO MES DE XULLO DE 2022



ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN	3
2	DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES.....	4
3	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA.....	7
4	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.....	8
5	TEMPERATURA.....	12
5.1.	Temperatura media das máximas.....	12
5.2.	Temperatura media das mínimas.....	13
5.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.....	14
5.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2022.....	18
6	PRECIPITACIÓN	19
6.1.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.....	20
6.2.	Días de chuvia en xullo de 2022	21
6.3.	Evolución da precipitación en xullo de 2022.....	23
7	VENTO.....	24
8	RADIACIÓN SOLAR.....	28
8.1.	Mapa de irradiación solar mensual.....	28
8.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal.....	29
9	RAIOS.....	30

Anexos:

Resumo mensual

Calendario de xullo de temperatura mínima

Calendario de xullo de temperatura máxima

Calendario de xullo de precipitación acumulada

Calendario de xullo de refacho máximo

Data edición: 04/08/2022

**Mes de xullo moi seco e extremadamente cálido.****1 INTRODUCCIÓN**

Neste informe considérase o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
=< mínimo en 1981-2010	Extremadamente frío
Entre 5% e 20%	Moi frío
Entre 20% e 40%	Frío
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Cálido
Entre 80% e 95%	Moi cálido
>=máximo en 1981-2010	Extremadamente cálido.

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar o mes en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
=< mínimo en 1981-2010	Extremadamente seco
Entre 5% e 20%	Moi seco
Entre 20% e 40%	Seco
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Húmido
Entre 80% e 95%	Moi Húmido
>=máximo en 1981-2010	Extremadamente Húmido.

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación.



2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

As altas presións foron absolutamente predominantes durante o mes de xullo, impedindo a chegada de influencias atlánticas e achegando masas de aire moi cálido procedentes do norte de África e do sur da península Ibérica. Isto explica a gran anomalía positiva nas temperaturas e a escaseza das precipitacións.

Así, os primeiros 6 días do mes quedaron caracterizados polas altas presións entrando en forma de cuña dende os Azores, pero tamén pola presenza de aire frío nas capas medias e altas da atmosfera. Esta combinación deixaba risco de tormentas, en particular a partir do día 2.

O primeiro día do mes foi seco e soleado. O día 2 víronse xa algúns cumulonimbos, pero sen apenas tormenta. Neses primeiros dous días do mes as temperaturas estiveron bastante contidas polo vento, que soprou do nordés.

As tormentas apareceron na mañá do día 3 en moitos puntos de Galicia, en particular na metade sur, aínda que neses puntos a tarde foi solleira e con boas temperaturas. Estas treboadas repetíronse nas tardes do 4, 5 e 6, pero xa de forma illada e localizadas en puntos do interior.

O día 7 a zona de aire frío en altura foi desaparecendo, mentres as altas presións se movía cara ao norte polo que tivemos un día de tempo seco, cun importante ascenso das temperaturas.

No período entre o 8 e o 10 as altas presións quedaron estacionarias ao norte da península Ibérica, polo que as temperaturas foron elevadas, en particular na xornada do 9 cando moitos lugares de Galicia viviron una noite tropical e as máximas superaron os 40°C en puntos de Ourense e os 35°C en xeral na metade sur.

A situación relaxouse localmente no litoral atlántico na xornada do domingo día 10 pola entrada de brétemas e néboas dende o mar, pero as temperaturas continuaron sendo moi elevadas no resto.



Entre os días 11 e 15 Galicia viviu una vaga de calor histórica. Á presenza das altas presións ao norte da península Ibérica engadiuse una DANA que se localizaba entre a península Ibérica e os Azores e impulsaba aire aínda máis cálido cara á nosa Comunidade. Así, os termómetros superaron nese período os 40°C en moitos puntos de Galicia, destacando os 44°C rexistrados en Ourense na tarde do 14. Precisamente nesa tarde vivimos un evento denominado Sistema Convectivo de Mesoescala. A pesar da calor, nas xornadas anteriores apenas puideron desenvolverse tormentas posto que a inhibición provocada polo anticiclón era demasiado elevada. Pero esa tarde unha área de tormentas bastante organizadas no norte de Portugal disparou de xeito súbito e rápido un área tormentosa do tamaño de Galicia, que en menos de 4 horas deixaba máis de 6000 raios.

A situación de calor intenso aínda se mantivo nos seguintes días, pero a masa de aire cálido foi desprazándose cara ao leste lentamente, ata desaparecer completamente de Galicia na xornada do 19.

Entre os días 15 e 18 as temperaturas foron descendendo de oeste a leste, pero os valores aínda foron altos en xeral, mentres que o día 19 tivemos a chegada dunha pequena baixa dende o Atlántico que deixaba algunha chuvia feble no oeste, pero foi algo moi transitorio xa que as altas presións volveron na xornada do 20.

Non tivemos nese período as circunstancias que se deron entre o 8 e o 16, pero aínda así os ceos despexados e as temperaturas elevadas foron características, principalmente dos días 23 e 24.

O 25 houbo algo máis de nebulosidade e menos temperatura, aínda que sen precipitacións.

Os días 26 e 27 as altas presións entraron en forma de cuña dende os Azores, deixando tardes solleiras e temperaturas suaves.

O achegamento dunha fronte pouco activa o 28 ocasionaba a presenza de nubes, pero de novo sen apenas precipitacións, unha situación que se repetiu aínda na mañá do 29 con algunhas chuvias febles durante a mañá.



O mes despediuse nos 2 derradeiros días de novo con temperaturas elevadas pola chegada de aire cálido procedente do sur.

3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

A configuración de anomalía de presión en superficie (Figura 1), mostra unha anomalía positiva de presións situada ao oeste das Illas Británicas. En altura (Figura 2), esta anomalía afecta dunha forma máis acusada a practicamente toda a Península pero principalmente ao norte da mesma. Estas anomalías positivas afastan as borrascas procedentes do norte e teñen en ambas unha forte compoñente E- NE.

Anomalías da presión atmosférica a nivel medio do mar.




Figura 1: Anomalías de presión en superficie. Xullo-2022 respecto ao período 1991-2020.

Anomalías do xeopotencial para a presión de 500 hPa.




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa. Xullo-2022 respecto ao período 1991-2020.



4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de Meteogalicia (A Coruña-Torre de Hércules (CTH), Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-Estación Completa (CEC) / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET e Lourizán, de Meteogalicia).

Debido á localización das estacións meteorolóxicas da cidade de A Coruña, CTH (costeira) e CEC (urbana), o comportamento en canto á temperatura difire en determinadas situacións meteorolóxicas, polo que na táboa de A Coruña inclúense os datos de ambas estacións e se compara a estación CEC contra si mesma no período de referencia climático 1981-2010.

O valor climático corresponde á media destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m²). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.

**A CORUÑA**

	XULLO 2022 CTH/CEC	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	19.9/20.3	18.9	21.0 (2006)	17.2 (1977)
Tª mínima media	16.7/16.7	15.9	17.6 (2006)	13.8 (1954)
Tª mínima absoluta	13.0/13.0 (día 1)	10.2 (08/07/1978)		
Tª mínima máis alta	18.8/19.8 (día 14)	21.0 (14/07/1969)		
Tª máxima media	23.3/24.0	21.9	24.5 (2006)	19.8 (2002)
Tª máxima absoluta	31.8/32.9 (día 14)	34.5 (17/07/2006)		
Tª máxima máis baixa	19.1/19.4 (días 16/22)	14.0 (03/07/1958)		
Precipitación acumulada	2	22-34	100 (1971)	0 (2016)
Días de chuvia (≥1mm)	1	5	22 (1936)	0 (2016)

Comentario: Mes moi cálido en xeral tendo en conta todas as temperaturas.

A precipitación rexistrada foi moi inferior ao rango de valores normais, resultando un mes extremadamente seco, que tamén se reflicte no número de días de chuvia, moi inferior ao agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1931-2022. Temperatura: 1948-2022.

SANTIAGO

	XULLO 2022	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	22.1	19.6	21.9 (1989)	17.6 (2009)
Tª mínima media	15.9	14.4	16.0 (2013)	13.1 (1993)
Tª mínima absoluta	9.4 (día 1)	7.0 (11/07/2002)		
Tª mínima máis alta	23.6 (día 14)	21.9 (22/07/1990)		
Tª máxima media	28.5	24.8	28.5 (1990)	22.1 (2009)
Tª máxima absoluta	39.0 (día 12)	40.3 (20/07/1990)		
Tª máxima máis baixa	20.1 (día 19)	15.8 (02/07/1998)		
Precipitación acumulada	5	25-45	154 (2009)	0.5 (2020)
Días de chuvia (≥1mm)	1	6	12 (1995)	0 (2020)

Comentario: Mes extremadamente cálido para as temperaturas máximas e medias que tamén acadaron os rexistros máis altos da serie histórica. Porén, para as mínimas foi moi cálido, acadándose a mínima absoluta máis alta da serie.

A precipitación rexistrada foi moi inferior ao rango de valores normais, resultando un mes moi seco. Isto reflíctese tamén no número de días de chuvia, moi inferior ao valor climático agardado.

* Valores climáticos 1982-2010. Precipitación:1982-2022. Temperatura: 1982-2022.



LUGO

	XULLO 2022	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	21.8	18.8	21.6 (2013)	16.9 (1981)
Tª mínima media	14.3	12.9	15.2 (2013)	11.0 (1993)
Tª mínima absoluta	8.4 (día 1)	4.4 (11/07/2002)		
Tª mínima máis alta	17.4 (día 15)	20.0 (22/07/1990)		
Tª máxima media	29.4	24.7	29.1 (1990)	21.9 (1982)
Tª máxima absoluta	40.6 (día 10)	41.2 (20/07/1990)		
Tª máxima máis baixa	21.9 (día 4)	15.0 (03/07/1985)		
Precipitación acumulada	7	21-29	77 (1983)	0 (2020)
Días de chuvia (≥1mm)	1	4	8 (1983)	0 (2020)

Comentario: Mes extremadamente cálido tendo en conta as temperaturas máximas e medias, que tamén son os rexistros máis altos da serie histórica. Porén, para as mínimas o mes resultou moi cálido.

A chuvia rexistrada foi moi inferior ao rango de valores normais, resultando un mes moi seco. Isto reflíctese tamén no número de días de chuvia, moi inferior ao valor climático agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1981-2022. Temperatura: 1981-2022.

PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	XULLO 2022	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	22.8	20.3	23.1 (2020)	17.8 (1980)
Tª mínima media	16.6	14.7	16.9 (2006)	12.2 (1980)
Tª mínima absoluta	10.5 (día 1)	3.1 (28/07/1969)		
Tª mínima máis alta	22.5 (día 14)	23.5 (04/07/1961)		
Tª máxima media	29.3	25.9	29.7 (2020)	22.7 (1983)
Tª máxima absoluta	38.3 (día 12)	39.0 (07/07/2013)		
Tª máxima máis baixa	21.8 (día 19)	16.2 (20/07/1980)		
Precipitación acumulada	3	22-37	166 (1971)	0 (2020)
Días de chuvia (≥1mm)	2	5	11 (1995)	0 (2020)

Comentario: Mes moi cálido tendo en conta as temperaturas mínimas e medias, mentres que para as máximas foi extremadamente cálido.

A chuvia rexistrada foi moi inferior ao rango de valores normais, polo que o mes resultou moi seco. Isto reflíctese tamén no número de días de chuvia, moi inferior ao valor climático agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1958-2022. Temperatura: 1958-2022.



OURENSE

	XULLO 2022	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	25.6	22.5	25.4 (2020)	19.0 (1977)
Tª mínima media	16.2	14.8	17.7 (1972)	13.0 (1974)
Tª mínima absoluta	8.1 (día 1)	6.4 (08/07/1996)		
Tª mínima máis alta	21.2 (día 14)	22.6 (22/07/1990)		
Tª máxima media	35.2	30.2	34.7 (2020)	24.7 (1977)
Tª máxima absoluta	44.0 (día 14)	42.6 (20/07/1990)		
Tª máxima máis baixa	25.5 (día 19)	18.0 (13/07/1982)		
Precipitación acumulada	10	9-19	69 (2009)	0 (2020)
Días de chuvia (≥1mm)	2	3	15 (1983)	0 (2020)

Comentario: Mes extremadamente cálido tendo en conta as temperaturas máximas e medias, sendo tamén os máximos históricos da serie. Porén, para a temperatura mínima o mes foi moi cálido. Nesta ocasión tamén se acadou o valor de temperatura máxima absoluta máis elevado da serie climática.

A precipitación rexistrada está dentro do rango de valores normais. Sen embargo, o número de días de chuvia foi lixeiramente inferior ao agardado.

**Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1973-2022. Temperatura: 1972-2022.*

5 TEMPERATURA

As temperaturas en media marcan valores moito máis altos do esperado nun mes de xullo en Galicia, destacando as anomalías das máximas no interior que chegan a superar os 5°C nalgúns puntos. Esta anomalía foi debida a que tivemos episodios de calor recorrentes ao longo do mes, sen apenas xornadas frescas. Un exemplo atopámolo na cidade de Ourense onde soamente dous días do mes rexistraron máximas inferiores aos 30°C.

5.1. Temperatura media das máximas.

O valor medio das temperaturas máximas no mes de xullo para Galicia, a partir dos valores do mapa da Figura 3 foi de 28.1 °C. Os valores máis altos rexistráronse nas ribeiras do Sil, no Miño ourensá e na comarca de Verín, con valores próximos aos 36.0 °C. Os valores máis baixos déronse nas na Mariña luguesa e na comarca de Ortelgal, onde se acadaron valores próximos aos 18.4 °C.




Figura 3: Mapa de temperatura media das máximas do mes de xullo de 2022.

5.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de xullo, a partir dos valores do mapa da Figura 4, para o territorio galego foi de 14.6 °C. Os valores máis baixos rexistráronse na comarca da Limia, acadándose localmente os 8.4 °C. Pola contra, os valores máis altos déronse no sur da provincia de Pontevedra, destacando as comarcas de O Condado e a de Vigo, onde as mínimas acadaron nalgunhas localidades, valores de 18.9 °C.




Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de xullo de 2022.

5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.

O mapa de anomalías de temperatura presenta valores positivos en toda a Comunidade. Así, os valores máis baixos da anomalía de temperatura rexistráronse na comarca de A Coruña e na Mariña Luguesa, con valores próximos aos +0.7 °C. Os valores máis altos atópanse na práctica totalidade do sur da Comunidade, principalmente nas comarcas do interior, con valores de ata +6.2 °C. A anomalía de temperatura media no conxunto de Galicia segundo os valores do mapa foi de +3.0 °C.




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media (°C) de xullo de 2022 respecto ó período 1981-2010.



A continuación móstranse as anomalías máis altas e máis baixas destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ao período climático 1981-2010. As anomalías máis altas (Táboa 1) déronse principalmente nas comarcas de Verín e Viana, mentres que as máis baixas (Táboa 2) rexistráronse principalmente nas comarcas de Bergantiños, A Coruña e a Mariña central.

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Estación	Concello	anomalía (°C)
Vilardevós	Ourense	5.0
Castrelo do Val	Ourense	5.0
Vilariño de Conso	Ourense	4.9
Pedrafita do Cebreiro	Lugo	4.8
Verín	Ourense	4.7
Riós	Ourense	4.5
Oímbra	Ourense	4.5
Lama (A)	Pontevedra	4.5
Melón	Ourense	4.5
Verea	Ourense	4.4

Táboa 1: Anomalías de temperatura media máis elevadas no mes de xullo de 2022.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Estación	Concello	anomalía (°C)
Malpica de Bergantiños	A Coruña	0.9
Burela	Lugo	1.0
Aranga	A Coruña	1.1
Ponteceso	A Coruña	1.1
Cabana de Bergantiños	A Coruña	1.1
Carballo	A Coruña	1.1
Arteixo	A Coruña	1.2
Mondoñedo	Lugo	1.2
Lourenzá	Lugo	1.2
Foz	Lugo	1.3

Táboa 2: Anomalías de temperatura media máis baixas no mes de xullo de 2022.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de xullo de 2022 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. As xornadas entre o 14 e o 17 destacan en ambas altitudes.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xullo de 2022 por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
14/07/2022	Ourense-Estacións	OURENSE	Ourense	44.0
14/07/2022	Ourense	OURENSE	Ourense	44.0
12/07/2022	Remuíño	ARNOIA (A)	Ourense	43.7
14/07/2022	San Clodio	RIBAS DE SIL	Lugo	43.3
17/07/2022	A Portela	VILAMARTÍN DE VALDEORRAS	Ourense	43.1
14/07/2022	EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	43.1
12/07/2022	Prado	CASTRELO DE MIÑO	Ourense	42.5
12/07/2022	Millara	PANTÓN	Lugo	42.3
14/07/2022	Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	42.2
14/07/2022	Larouco	LAROUCO	Ourense	42.1

Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas en xullo 2022, altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xullo de 2022 por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
14/07/2022	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	37.2
14/07/2022	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	37.1
14/07/2022	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	36.2
14/07/2022	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	35.4
14/07/2022	Xurés	MUÍÑOS	Ourense	34.8
17/07/2022	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	34.6
14/07/2022	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	34.1
14/07/2022	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	33.7
17/07/2022	Ancares	CERVANTES	Lugo	32.7
17/07/2022	O Xistral	MURAS	Lugo	32.7

Táboa 4: Temperaturas máximas máis altas rexistradas en xullo de 2022, altitude maior a 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en Galicia no mes de xullo de 2022 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. En ambas altitudes a xornada do 1 foi a máis fría do mes.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xullo de 2022				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
01/07/2022	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	3.7
01/07/2022	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	4.3
01/07/2022	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	4.4
01/07/2022	Xares	VEIGA (A)	Ourense	5.1
01/07/2022	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	5.2
01/07/2022	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	5.3
01/07/2022	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	5.4
01/07/2022	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	5.8
01/07/2022	Ancares	CERVANTES	Lugo	5.8
01/07/2022	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	5.8

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en xullo de 2022, altitude maior a 1000m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xullo de 2022				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
01/07/2022	Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	-0.1
01/07/2022	Baltar	BALTAR	Ourense	3.4
01/07/2022	Mouriscade	LALÍN	Pontevedra	3.5
01/07/2022	Xinzo	XINZO DE LIMIA	Ourense	4.0
01/07/2022	Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	4.5
01/07/2022	Viana do Bolo	VIANA DO BOLO	Ourense	4.6
01/07/2022	Melide	MELIDE	A Coruña	4.9
01/07/2022	Fragavella	ABADÍN	Lugo	5.3
01/07/2022	O Xipro	FONSAGRADA (A)	Lugo	5.8
01/07/2022	Ventosa	NAVIA DE SUARNA	Lugo	5.9

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en xullo de 2022, altitude menor a 1000m.

5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2022.

Na Figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2022 para esta serie foi 22.4 °C.




Figura 6: Temperatura media ó longo do período 1961-2022 para xullo.

A anomalía media da temperatura para este mes de xullo en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de +2.7 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como extremadamente cálido. As temperaturas máximas (+3.9°C) foron extremadamente cálidas, mentres que as mínimas (+1.54 °C), foron moi cálidas. Tanto nas máximas como nas medias a anomalía de temperatura neste mes de xullo foi a máis elevada da serie.




Figura 7: Evolución da anomalía de temperatura media en xullo, respecto ó período 1981-2010.

6 PRECIPITACIÓN

As chuvias foron escasas en xeral, aínda que cómpre resaltar que o seu reparto foi moi desigual xa que a meirande parte das precipitacións tiveron un carácter convectivo. As máis importantes sucederon na mañá do día 3 e na tarde-noite do 14, pero nin moito menos afectaron por igual a tódalas comarcas de Galicia. Isto explica que algúns lugares quedasen con precipitacións moi escasas ou mesmo nulas, mentres que outros puntos achegáronse á normalidade e mesmo foron húmidos.

Segundo os valores do mapa da Figura 8, a precipitación media acumulada foi de 11 L/m². As precipitacións acumuladas máis elevadas acadáronse en Terra de Lemos e nalgunhas localidades das comarcas de Terra de Caldelas, Allariz-Maceda, e o norte da comarca da Limia, con valores que puntualmente acadaron os 82 L/m². Os valores máis baixos de precipitación acadáronse nas comarcas de Vigo e O Condado, chegando localmente a non rexistrar precipitación.




Figura 8: Mapa de precipitación acumulada no mes de xullo de 2022.

6.1. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.

No mapa da Figura 9 pódese ver a porcentaxe de precipitación no mes de xullo con respecto aos valores climáticos, sendo o 100 % o valor normal. O valor medio para o conxunto do territorio galego, segundo os valores do mapa, foi un 67 % inferior ao período de referencia 1981-2010. A distribución das porcentaxes de precipitación presenta unha elevada porcentaxe en Terra de Lemos e no sur das comarcas da Limia e Verín. En Monforte de Lemos, acadáronse as porcentaxes de precipitación máis alta con valores próximos ao 117 % por riba do normal. Os valores máis baixos acadáronse en gran parte das provincias de A Coruña e Pontevedra e en Terra Chá, Meira e Fonsagrada na provincia de Lugo. Os valores máis baixos teñen unha porcentaxe dun 97.3% de precipitación por debaixo do normal.




Figura 9: Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de xullo de 2022.

6.2. Días de chuvia en xullo de 2022

O número medio de días de chuvia (maior ou igual a 1 L/m²) foi de 2. Os valores máis altos acadáronse na Mariña lucense , con 8 días de chuvia. Pola contra, na comarca de O Condado, acadáronse os valores máis baixos no número de días de chuvia, cun valor nulo.




Figura 10: Días de chuvia superior a 1 L/m² durante o mes de xullo de 2022.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de Meteogalicia durante o mes de xullo. As precipitacións acumuladas máis altas superaron os 50 L/m², principalmente na Mariña. Foron varias as xornadas, nas que se superaron os 20 L/m² en distintas localidades das provincias de Lugo e Ourense. A xornada do 14 foi na que máis precipitación se registrou localmente.

Precipitacións acumuladas máximas en xullo de 2022			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)
Penedo do Galo	VIVEIRO	Lugo	60
Fragavella	ABADÍN	Lugo	55
Monforte	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	37
Verín-Vilamaior	VERÍN	Ourense	35
Marroxo	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	31
Laza	LAZA	Ourense	29
Bóveda	BÓVEDA	Lugo	28
Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	28
Xares	VEIGA (A)	Ourense	27
O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	26

Táboa 7: Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de xullo de 2022.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m ²)				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)	Instante de inicio (UTC)
Monforte	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	33	13/07/2022 21:30
Marroxo	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	29	13/07/2022 21:30
Verín-Vilamaior	VERÍN	Ourense	26	04/07/2022 21:20
Bóveda	BÓVEDA	Lugo	24	13/07/2022 21:40
Morelle	SARRIA	Lugo	20	13/07/2022 21:40
Alto do Rodicio	MACEDA	Ourense	20	13/07/2022 21:20
Baltar	BALTAR	Ourense	20	03/07/2022 04:40
Amiudal	AVIÓN	Ourense	18	13/07/2022 19:10
Penedo do Galo	VIVEIRO	Lugo	16	03/07/2022 06:30
Xares	VEIGA (A)	Ourense	16	02/07/2022 13:20

Táboa 8: Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de xullo de 2022.

6.3. Evolución da precipitación en xullo de 2022

Na Figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2022, para esta serie, foi 9 L/m².




Figura 11: Precipitación ó longo do período 1961-2022 para xullo.

A anomalía media das precipitacións para este mes de xullo en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas, foi un 66 % inferior ao valor climático normal. Isto fai que o mes poida considerarse moi seco, tendo en conta o conxunto da Comunidade. O precedente máis seco xa o atopamos no ano 2020.




Figura 12: Evolución da anomalía de precipitación en xullo, respecto ó período 1981-2010.



7 VENTO

Na seguinte táboa móstranse as estacións que rexistraron un valor de refacho máximo de vento igual ou superior a 100 km/h. Na táboa 9 obsérvase tan só en tres estacións se rexistraron ventos superiores ao limiar especificado, pero foron varias as xornadas nas que se superou este umbral. As xornadas máis ventosas déronse nos días 14 e 15 do mes. A porcentaxe de calmas foi en xeral moi elevada debido á elevada estabilidade atmosférica, a dirección de vento predominante foi o NE-E, debido á presenza de situacións anticiclónicas.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en xullo				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
05/07/2022	O Xistral	MURAS	Lugo	118.0
15/07/2022	Punta Candieira	CEDEIRA	A Coruña	114.5
06/07/2022	Lira	CARNOTA	A Coruña	102.9

Táboa 9: Refachos máximos superiores aos 100 km/h no mes de xullo de 2022.

PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	102.9	NE	21		
		Día 6				
Pta. Candieira	Cedeira	114.5	NE	13		
		Día 15				

PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Malpica	Malpica	77.8	E	6		
		Día 5				
Marco da Curra	Monfero	56.4	E	8		
		Día 14				

Táboa 10: Resumo do vento no mes de xullo de 2022 na provincia de A Coruña.

PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Penedo do Galo	Viveiro	89.4	E	4		
		Día 15				
Campus Lugo	Lugo	45.0	N	41		
		Día 14				
Ancares	Cervantes	77.7	NE	16		
		Día 15				

Táboa 11: Resumo vento no mes de xullo de 2022 na provincia de Lugo





PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xares	A Veiga	99.2	S	7		
		Día 15				
Rodicio	Maceda	94.8	NE	15		
		Día 14				
Gandarela	Celanova	40.2	NO	53		
		Día 15				

Táboa 13: Resumo do vento no mes de xullo de 2022 na provincia de Ourense.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	91.6	E	16		
		Día 15				



PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Cíes	Vigo	49.2	N	24		
		Día 22				

Táboa 14: Resumo do vento no mes de xullo de 2022 na provincia de Pontevedra.

8 RADIACIÓN SOLAR

8.1. Mapa de irradiación solar mensual




Figura 13: Irradiación mensual ($10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$) para o mes de xullo de 2022.

8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal




Figura 14: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.

9 RAIOS

A rede de detección de raios de Meteogalicia rexistrou neste mes de xullo 7752 raios, a maior parte deles na xornada do 14 (Figura 15).



Figura 15: Número de raios por día detectados en Galicia en xullo de 2022.

A continuación preséntase o número de raios detectados por provincias. Como se pode ver na Figura 16 a maioría dos raios estiveron moi repartidos, pero foron máis frecuentes nas provincias do interior.




Figura 16: Número de raios detectados por provincia en Galicia en xullo de 2022.



Na Figura 17 pódese ver o número total de raios rexistrados en xullo en Galicia dende o ano 2010 ao 2022. Pódese observar que este xullo foi o segundo ano que máis raios rexistrou a serie, co seu precedente máis alto en xullo de 2018.




Figura 17: Número total de raios rexistrados en xullo dende 2010 a 2022.

MeteoGalicia

Subdirección de Meteoroloxía e Cambio Climático

Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2022 Mes: 7

Provincia Estación	T ^{ao} C			T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max		Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva		Xeada	
A Coruña																									
A Gándara	19.0	23.31	37.1	13	15.0	11.6	1	6	3.5	19	-134	80	96	64	59	275	2249	20	71	15	971	6	0		
Aldea Nova	19.3	24.22	35.3	13	15.6	10.5	1	5	1.6	29	-146	83	97	65	59	276	2385	9	53	6	987	7	0		
Arzúa	20.7	28.6	38.5	14	13.4	6.0	1	14	6.8	14	-156	77	100	49	70	323	2498	5	52	14	977	3	0		
Camariñas	18.5	21.15	31.2	12	16.4	11.9	1	3	2.0	29	-133	85	94	73	68	314	2507	22	82	6	1018	2	0		
Cariño	18.6	21.05	33.4	17	16.9	12.1	1	3	1.4	3	-102	89	96	79	41	189	1794	17	66	19	1019	5	0		
Cespón	22.7	29.85	40.2	12	16.8	9.9	1	10	6.2	14	-159	69	89	47	74	340	2549	8	51	18	1013	2	0		
CIS Ferrol	20.7	25.76	36.4	12	16.7	10.6	1	3	1.7	29	-156	74	90	57	**	**	2341	12	67	5	1016	4	0		
Corrubedo	22.0	28.64	37.0	13	17.2	12.2	1	1	1.1	19	-189	64	81	44	65	301	2516	7	59	6	1014	1	0		
Coruña-Dique	18.9	22.07	30.4	9	16.6	12.3	1	1	0.8	14	**	78	87	66	**	**	**	17	88	15	1018	2	0		
Coruña-Torre de Hércul	19.5	23.18	31.8	14	16.7	13.0	1	1	1.5	14	**	87	98	70	**	**	**	**	**	**	**	1	0		
*Coto Muiño	19.0	25.37	37.5	14	13.3	6.8	1	7	2.0	19	**	83	99	61	**	**	**	4	39	6	**	7	0		
Fontecada	19.3	25.21	37.5	12	14.4	8.3	1	5	4.8	19	-144	75	92	53	60	278	2233	12	54	14	976	2	0		
*Guísamo	20.5	26.35	36.7	13	15.5	11.3	1	3	1.7	29	**	78	97	58	**	**	**	4	36	18	998	4	0		
*Lesende	21.7	28.2	38.3	12	16.3	10.9	1	11	8.8	14	-161	75	95	52	68	312	2560	4	36	6	998	4	0		
Lira	21.5	26.59	38.0	12	17.0	13.0	1	8	5.2	19	-188	69	86	53	75	345	2686	17	102	6	**	3	0		
Mabegondo	20.5	27.76	38.1	13	13.2	6.8	1	0	0.5	14	-158	81	98	59	66	305	2411	7	49	19	1008	2	0		
Malpica	18.0	22.27	30.1	13	14.9	11.7	1	5	3.5	19	-114	90	100	73	66	306	2383	23	77	5	1000	4	0		
Marco da Curra	18.9	24.44	34.8	12	14.6	9.1	1	1	1.3	14	-165	76	93	54	66	309	2522	15	56	14	945	2	0		
Melide	20.9	30.19	40.1	12	13.2	4.9	1	9	5.8	3	-178	71	94	44	72	332	2606	7	59	14	964	3	0		
Muralla	19.7	24.65	35.4	12	15.6	10.5	1	14	8.0	14	-157	75	91	53	73	338	2694	24	76	29	943	3	0		
*O Val	20.3	25.28	34.9	12	15.8	9.5	1	2	1.2	14	**	80	94	64	**	**	**	4	39	6	1011	4	0		
Olas	19.5	25.82	35.1	13	13.9	8.1	1	3	1.6	14	-160	78	98	57	68	317	2505	9	65	14	**	3	0		
*Ordes	20.7	28.15	38.8	12	13.9	7.7	1	2	0.9	14	**	72	92	49	**	**	**	4	41	6	987	4	0		
*Paramos	20.0	26.69	37.0	12	14.7	8.8	1	9	6.4	14	**	75	92	54	**	**	**	5	39	6	977	4	0		
*Pazo de Galegos	22.3	29.49	39.6	12	16.3	9.5	1	5	3.4	19	-177	73	94	51	70	325	2567	4	27	31	992	3	0		
Punta Candieira	18.9	22.11	35.0	13	16.0	13.3	1	2	0.8	14	-130	79	93	63	49	229	2029	27	114	15	989	4	0		
Punta Langosteira	17.6	20.21	32.3	9	15.9	12.8	1	2	2.8	14	**	89	95	79	64	278	2313	16	88	15	1017	1	0		
Río do Sol	18.6	23.28	36.1	14	14.7	9.6	1	7	3.2	19	-140	79	94	60	59	273	2297	18	66	15	957	7	0		
*Rus	20.0	26.71	39.7	13	13.5	7.7	1	7	5.4	19	**	85	100	64	**	**	**	3	40	6	1003	4	0		
Sálvora-Pazo	20.1	24.69	35.4	12	17.1	14.1	1	0	0.8	19	-164	79	91	62	67	310	2584	22	67	31	**	1	0		
Santiago-EOAS	21.5	28.35	39.0	12	15.9	9.4	1	5	5.2	19	-177	70	89	47	60	279	2456	16	62	6	989	1	0		
Santiago-San Lázaro	21.0	27.48	38.2	12	15.6	8.7	1	3	3.0	19	-161	73	92	52	74	344	2628	11	60	19	982	2	**		
Sergude	22.1	29.3	39.6	14	16.1	10.5	1	4	2.6	19	**	77	98	51	59	274	2387	**	**	**	**	2	0		
Serra da Faladoira	17.6	21.38	35.0	17	14.6	9.8	1	12	2.2	5	-105	83	95	67	44	204	1941	23	75	5	954	9	0		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

** Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2022 Mes: 7

Provincia Estación	T ^{ao} C				T ^a Máxima °C				T ^a Mínima °C				Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
Lugo																												
A Pontenova	19.2	24.56	38.8	17	15.5	8.6	1	5	2.2	3	**	83	98	64	40	188	1722	14	83	19	**	**	**	**	4	0		
Abradelo	21.0	29.38	38.8	14	14.2	6.7	1	8	6.2	3	**	66	90	39	71	328	2577	**	**	**	**	**	**	**	2	0		
*Alto do Faro	19.6	26.73	35.8	14	13.7	7.3	1	2	0.9	3	**	80	98	51	**	**	**	6	37	5	924	**	**	**	4	0		
*Alto do Poio	18.9	24.66	32.6	17	13.2	5.4	1	20	12.7	3	**	62	86	40	**	**	**	8	51	15	**	**	**	**	2	0		
Ancares	19.5	24.95	32.7	17	14.6	5.8	1	20	13.2	3	-191	60	83	37	73	339	2741	12	77	15	870	**	**	**	4	0		
*Borreiros	19.5	24.41	31.1	12	15.4	8.7	1	14	4.2	5	-90	85	97	67	35	164	1570	5	40	19	1012	**	**	**	8	0		
Bóveda	22.0	30.84	40.1	14	14.3	7.0	1	28	23.6	14	-156	75	100	41	73	272	2619	6	84	14	969	**	**	**	2	0		
Burela	17.6	20.22	33.3	17	15.5	11.3	1	7	1.9	22	-89	87	95	74	35	165	1595	14	55	15	971	**	**	**	7	0		
Campus Lugo	20.9	29.35	40.6	10	14.3	8.4	1	7	7.1	14	-146	76	100	46	53	238	2288	7	45	14	973	**	**	**	2	0		
Castro R. de Lea	19.6	26.27	37.6	17	14.4	7.3	1	2	1.5	14	**	81	99	56	58	271	2333	**	**	**	970	**	**	**	2	0		
Conchada	22.7	31.33	40.3	14	15.6	8.6	1	9	7.5	3	**	--	--	--	66	305	2546	**	**	**	**	**	**	**	2	0		
Corno do Boi	18.6	24.72	34.8	17	14.1	8.4	1	6	3.1	3	-154	76	94	53	61	284	2412	11	56	19	**	**	**	**	4	0		
Cospeito	19.0	25.68	37.8	17	13.0	6.2	1	5	3.5	3	-136	85	100	60	57	263	2284	9	54	6	**	**	**	**	3	0		
Courel	22.0	30.41	39.1	17	14.7	6.6	1	10	6.8	3	-195	61	89	34	68	313	2543	8	76	14	931	**	**	**	3	0		
Feiranova-Santaballa	18.9	26.47	38.0	17	12.1	6.1	1	1	1.1	14	-155	84	100	55	66	309	2514	6	46	19	964	**	**	**	2	0		
Fontaneira	19.1	25.52	35.2	17	14.0	7.4	1	2	2.4	14	-169	72	91	50	69	320	2392	16	87	17	909	**	**	**	1	0		
Foz	18.7	21.99	26.0	13	15.5	8.8	1	10	2.0	22	-92	86	98	72	43	199	1887	10	52	19	1012	**	**	**	8	0		
Fragavella	16.7	20.58	35.7	17	13.3	5.3	1	54	15.0	3	-42	89	99	73	35	162	1649	11	76	19	951	**	**	**	12	0		
Guitiriz-Mirador	18.8	24.55	35.8	17	14.6	9.0	1	3	1.5	19	-146	78	95	55	56	262	2286	10	55	14	941	**	**	**	4	0		
*Labrada	17.5	21.25	35.7	17	14.3	8.5	1	21	5.2	3	-96	82	94	66	42	197	1853	9	51	19	**	**	**	**	10	0		
*Lourenzá	19.6	24.16	34.5	17	15.5	7.6	1	3	1.2	3	**	84	97	68	**	**	**	3	37	19	**	**	**	**	5	0		
Marroxo	20.9	29.05	38.1	14	15.0	8.9	1	31	29.0	14	-152	72	95	42	62	288	2515	7	89	14	946	**	**	**	2	0		
*Míllara	22.9	32.77	42.3	12	15.5	9.2	1	19	13.1	14	**	67	93	36	**	**	**	6	42	22	**	**	**	**	5	0		
Monforte	22.9	32.73	42.1	14	14.7	6.8	1	36	32.9	14	-145	77	100	40	69	317	2539	3	73	14	**	**	**	**	2	0		
*Morelle	21.4	30.78	39.7	14	13.2	7.0	1	24	20.3	14	-134	77	100	45	56	261	2253	3	44	14	970	**	**	**	2	0		
O Cebreiro	19.0	27.31	34.1	14	12.5	4.4	1	16	9.8	3	-178	69	92	47	75	345	2732	12	45	14	875	**	**	**	3	0		
O Xipro	19.8	26.81	38.7	17	14.1	5.8	1	3	2.3	5	-172	70	91	45	64	298	2454	10	69	17	930	**	**	**	2	0		
O Xistral	16.9	19.73	32.7	17	14.0	8.3	1	15	2.0	26	-116	80	94	63	54	251	2168	37	118	5	**	**	**	**	16	0		
*Olveda	20.5	28.78	39.5	12	13.7	7.4	1	4	1.6	14	-171	71	94	42	67	310	2480	5	33	19	**	**	**	**	4	0		
Pedro Murias	19.3	22.24	26.2	13	16.3	10.6	1	14	3.9	21	-93	94	100	82	41	193	1856	9	47	19	1015	**	**	**	8	0		
Penedo do Galo	17.0	20.07	34.2	17	14.7	10.7	1	59	14.7	3	-42	87	98	73	38	177	1723	19	89	15	**	**	**	**	14	0		
Pol	19.1	25.41	37.3	17	14.3	7.2	1	2	1.9	14	**	76	95	54	63	292	2346	**	**	**	945	**	**	**	2	0		
Portomarín	20.8	29.95	39.3	17	13.6	7.7	1	6	3.6	14	**	76	99	44	67	307	2534	**	**	**	968	**	**	**	2	0		
Riotorto	19.6	24.84	37.6	13	15.5	8.7	1	15	10.2	14	--	--	--	44	204	2001	7	59	19	**	**	**	**	**	5	0		
Sambreixo	19.0	26.02	37.1	17	13.0	6.5	2	2	1.0	19	**	80	98	55	62	285	2412	**	**	**	**	**	**	**	3	0		
*San Clodio	24.5	33.92	43.3	14	15.5	7.0	1	15	8.6	3	**	63	96	33	**	**	**	3	27	14	988	**	**	**	2	0		
*San Fiz	22.0	30.57	40.0	14	15.3	9.1	1	14	8.8	14	-173	70	93	42	65	300	2576	4	62	14	973	**	**	**	2	0		
Santa Cruz	19.6	24.71	35.7	17	15.1	6.7	1	21	7.5	3	-93	85	99	64	34	161	1727	5	47	19	**	**	**	**	8	0		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

** Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2022 Mes: 7

Provincia Estación	T ^o C				T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada			
Serra Vacaloura	19.6	26.85	36.3	17	14.5	9.3	1	3	1.1	14	-169	78	96	50	72	334	2668	22	95	14	**	5	0			
Ventosa	19.8	26.72	36.3	17	13.6	5.9	1	10	5.3	14	-177	68	87	44	72	332	2621	8	72	14	917	3	0			
*Vilamor	20.0	24.77	35.5	17	16.1	7.6	1	10	3.6	5	-101	89	100	72	37	175	1736	6	43	19	**	5	0			
*Xabrega	22.7	32.49	40.6	17	15.3	8.0	1	10	6.2	14	-170	68	92	36	61	283	2458	**	53	14	981	2	0			

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

** Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2022 Mes: 7

Provincia Estación	T ^{ao} C				T ^a Máxima °C				T ^a Mínima °C				Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
Ourense																												
A Mezquita	22.5	30.3	37.1	14	14.7	5.8	1	9	3.6	5	-226	47	75	24	73	334	2742	10	69	15	905	4	0					
*A Portela	25.7	35.87	43.1	17	16.3	7.8	1	2	1.2	4	-210	53	85	23	72	333	2486	5	49	14	**	2	0					
*A Trabe	24.4	32.17	38.7	14	16.6	8.5	1	16	8.3	3	-206	51	76	29	78	359	2770	4	39	15	930	5	0					
Alto do Rodicio	20.1	26.93	35.3	14	14.0	7.3	1	23	20.0	14	-155	70	93	45	77	355	2834	10	94	14	909	2	0					
Amiudal	22.3	30.69	39.3	14	15.2	9.0	1	20	18.2	14	-186	65	95	36	79	363	2778	7	63	14	956	4	0					
As Petarelas	24.5	34.01	41.4	14	15.7	8.1	1	14	8.8	14	**	55	85	26	73	336	2638	**	**	**	**	3	0					
Baltar	21.5	31.01	38.3	14	11.3	3.4	1	25	14.4	3	-186	62	98	28	78	358	2810	8	59	14	928	4	0					
Cabeza de Manzaneda	17.6	21.83	28.8	14	13.2	5.3	1	19	8.0	12	-177	55	81	34	75	343	2628	15	**	28	831	4	0					
*Calvos	19.9	29.73	37.3	12	8.3	-0.1	1	4	2.4	4	-187	72	100	36	75	343	2770	6	40	3	**	3	1					
Casaio	21.4	27.41	33.7	14	15.8	7.3	1	12	12.4	3	**	47	71	27	**	**	**	7	63	15	**	2	0					
*Corzos	20.4	28.68	35.4	14	12.7	4.3	1	20	10.6	3	**	54	79	31	**	**	**	7	45	15	**	4	0					
Entrimo	22.9	31.25	38.9	14	15.5	8.3	1	1	1.4	3	**	63	89	38	58	268	2414	**	**	**	**	2	0					
*EVEGA Leiro	24.3	35.79	43.1	14	14.4	7.4	1	9	4.6	14	**	62	92	28	**	**	**	2	32	18	1006	4	0					
Gandarela	22.5	31.38	39.7	14	15.6	9.8	1	4	4.2	3	-188	70	96	39	68	313	2594	5	40	15	947	2	0					
Lardeira	19.3	25.19	30.8	17	14.1	5.2	1	5	5.4	3	-220	51	76	32	76	348	2768	16	83	18	844	1	0					
*Larouco	24.1	33.61	42.1	14	15.6	7.4	1	12	7.3	3	**	61	93	28	**	**	**	3	60	14	958	2	0					
Laza	23.6	33.62	41.7	14	14.4	6.8	1	29	14.2	14	-182	58	92	25	76	348	2676	6	80	14	**	4	0					
Monte Medo	22.1	31.56	39.9	14	13.6	6.0	1	11	6.7	14	**	67	96	35	71	327	2530	**	**	**	**	2	0					
O Invernadeiro	20.9	30.26	37.2	14	11.9	3.7	1	26	12.2	4	-183	59	86	30	78	356	2712	8	55	18	905	4	0					
Ourense	24.9	35.09	44.0	14	16.2	8.1	1	9	5.6	3	**	57	89	26	**	**	**	**	**	**	**	3	0					
Ourense-Estacións	25.5	35.21	44.0	14	17.3	9.9	1	8	6.7	3	-199	56	82	28	73	337	2579	4	39	14	1003	2	0					
*Pazo de Fontefiz	23.0	31.5	40.1	12	15.8	8.7	1	20	15.4	3	-177	66	90	39	77	354	2641	6	38	5	971	2	0					
*Ponte Boga	22.7	31.57	40.0	17	15.6	7.9	1	16	11.8	14	-167	73	98	38	66	303	2505	4	59	14	964	2	0					
*Prado	24.6	34.92	42.5	12	15.6	8.9	1	9	6.5	3	**	62	91	33	**	**	**	3	30	18	1003	2	0					
Remuíño	24.1	35.31	43.7	12	15.1	7.7	1	1	0.8	14	-196	64	93	32	70	323	2512	5	40	29	**	2	0					
*Riós	23.7	31.62	39.0	14	16.0	8.0	1	15	7.2	3	-207	52	81	27	78	360	2764	5	33	3	**	4	0					
San Xoán de Río	20.5	27.7	36.2	14	14.2	7.1	1	11	7.1	3	-190	66	90	39	73	336	2692	13	78	14	904	2	0					
Serra do Eixe	20.5	27.51	34.6	17	14.2	5.8	1	15	12.3	3	-198	61	86	36	78	360	2795	12	87	14	884	2	0					
Verín-Vilamaior	24.4	34.1	41.5	14	15.8	8.2	1	34	26.2	5	-189	55	84	26	79	327	2770	6	64	14	956	4	0					
Verín-Vilela	23.3	34.4	42.2	14	12.6	4.5	1	27	14.7	5	-176	66	100	25	77	354	2744	4	54	14	**	4	0					
Viana do Bolo	21.8	31.19	38.3	14	13.0	4.6	1	15	6.4	4	-178	61	91	31	70	323	2557	5	57	14	923	4	0					
Xares	18.4	23.98	29.8	14	13.3	5.1	1	26	16.0	3	-183	49	74	31	79	363	2765	17	99	15	830	14	0					
Xinzo	21.7	31.84	40.1	14	11.2	4.0	1	20	13.6	5	-169	69	100	32	63	291	2564	8	45	18	947	4	0					
Xurés	21.8	28.06	34.8	14	15.8	7.5	1	10	5.2	14	-219	58	87	35	79	362	2887	12	64	15	901	4	0					

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

** Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2022 Mes: 7

Provincia Estación	T ^{ao} C				T ^a Máxima °C				T ^a Mínima °C				Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
Pontevedra																												
*A Armenteira	21.0	27.81	37.6	12	14.5	9.1	1	12	10.2	19	-168	73	93	51	71	327	2598	5	43	18	**			2	0			
A Granxa	23.3	32.88	40.9	12	14.2	8.2	1	0	0.3	3	-185	68	96	39	68	313	2555	3	43	27	1013			2	0			
A Lanzada	21.9	28.39	38.3	12	16.9	12.0	1	0	0.4	14	-184	73	89	52	74	341	2458	17	69	14	**			1	0			
*Areas	23.8	31.42	40.3	12	17.4	11.1	1	1	1.0	3	-192	71	94	45	73	282	2624	4	36	6	**			1	0			
*As Eiras	22.5	29.6	39.6	13	16.2	11.0	1	1	1.0	3	-188	70	94	46	74	337	2647	4	41	18	1010			1	0			
Atios	22.8	31.39	39.5	13	14.6	8.8	1	2	2.5	19	-185	79	100	45	78	359	2710	4	34	18	**			1	0			
Baiona	21.1	25.39	35.1	14	17.4	11.8	1	0	0.8	3	-174	80	96	60	79	361	2691	7	55	18	**			1	0			
*Barrantes	22.1	28.99	39.0	12	15.9	9.2	1	3	1.9	19	-176	73	91	52	76	351	2539	5	43	5	**			3	0			
Cabo Udra	21.1	26.46	35.4	12	17.3	13.4	1	1	0.8	3	-173	79	95	59	73	334	2624	12	55	18	**			2	0			
Caldas de Reis	21.8	29.54	39.5	12	15.7	10.3	1	6	5.0	19	-178	70	91	46	66	306	2525	7	45	5	987			3	0			
*Camanzo	22.3	30.23	40.2	12	15.6	8.4	1	4	2.0	14	-180	71	93	48	71	329	2554	4	38	19	994			3	0			
Cangas-Porto	21.6	26.71	35.1	12	17.7	13.0	1	3	2.8	3	**	71	86	52	**	**	**	8	52	14	**			2	0			
Castro Vicaludo	21.8	**	**	12	16.9	11.5	1	2	2.5	3	-200	67	88	48	79	361	2757	16	72	14	963			1	0			
Castrove	21.9	26.9	37.3	12	16.8	11.5	1	17	9.8	19	-182	68	88	48	77	354	2769	13	69	14	959			3	0			
*Cequelifios	24.2	33.07	40.7	12	16.9	10.1	1	3	2.2	3	-211	60	86	33	74	340	2605	7	40	19	**			2	0			
Corón	21.3	26.21	36.4	12	17.7	13.0	1	5	3.3	14	-192	71	85	53	78	358	2760	21	67	5	1015			2	0			
*Entenza	24.4	32.68	41.3	12	17.1	9.7	1	1	1.4	19	-192	65	91	37	70	320	2613	2	27	25	**			2	0			
Forcarei	20.4	26.6	35.6	12	14.7	8.5	1	13	5.9	14	-171	75	95	50	75	346	2732	12	69	14	**			6	0			
Fornelos de Montes	22.6	27.74	36.5	12	17.6	10.4	1	2	2.1	19	-225	61	80	42	80	370	2843	14	91	15	938			1	0			
Gargamala	23.9	31.89	39.5	12	16.7	10.0	1	0	0.7	19	-202	68	94	40	77	353	2749	4	55	14	**			1	0			
Illas Cíes	21.2	25.85	35.1	13	17.6	13.2	1	5	3.4	19	-181	73	87	56	73	337	2701	9	49	22	**			2	0			
Lalín	21.4	29.13	39.6	14	14.8	7.5	1	10	4.0	14	**	70	96	42	**	**	**	8	78	15	**			3	0			
*Louredo	22.1	29.53	38.2	13	16.3	10.9	1	0	0.3	19	**	78	97	57	**	**	**	2	35	14	989			1	0			
Lourizán	22.0	29.13	38.3	12	16.6	10.5	1	2	1.2	3	-166	75	94	53	65	300	2497	**	34	18	1012			3	0			
*Meder	24.4	33.59	41.1	12	16.5	10.5	1	1	0.8	3	**	65	95	35	**	**	**	1	28	18	1000			2	0			
Monte Aloia	22.3	29.09	37.2	12	16.7	11.6	1	4	3.0	3	-196	69	91	48	74	340	2791	6	45	18	963			2	0			
Mouriscade	20.5	29.64	39.3	14	11.7	3.5	1	6	2.3	14	-180	72	97	42	72	334	2670	5	68	15	960			4	0			
O Viso	22.8	29.72	38.7	12	16.7	11.1	1	8	4.4	19	-182	63	84	43	76	348	2593	8	60	14	987			2	0			
Ons	20.5	25.16	36.7	12	16.6	12.5	1	2	1.8	19	-179	77	90	61	76	348	2728	19	68	14	1004			2	0			
*Pé Redondo	22.5	29.15	38.6	12	16.9	12.2	1	10	4.0	19	-173	73	91	52	69	318	2590	3	39	5	**			4	0			
*Ponte Caldelas	22.8	29.89	40.0	12	16.4	8.8	1	5	4.4	19	-186	65	85	45	72	329	2594	3	44	14	977			2	0			
Pontevedra-Campolongo	23.0	29.78	39.3	12	17.4	11.4	1	3	1.6	3	**	67	89	45	**	**	**	4	36	29	**			2	0			
Porto de Vigo	22.3	26.98	36.2	13	18.6	14.7	1	2	2.3	3	-192	72	87	56	78	360	2737	12	71	14	1015			1	0			
Rebordelo	21.6	29.76	39.6	12	13.4	6.2	1	2	1.6	3	**	73	96	49	77	355	2611	**	**	**	977			2	0			
San Nomedio	23.3	29.08	36.8	12	18.2	11.6	1	2	0.9	3	-219	60	80	39	76	350	2710	11	71	15	**			3	0			
Sanxenxo	22.3	28.53	37.6	13	17.4	12.4	1	10	7.6	19	-175	73	90	52	71	329	2652	4	38	14	1013			3	0			
Serra do Faro	20.4	26.92	35.8	14	14.8	8.9	1	13	7.2	14	-192	63	88	41	73	339	2668	17	62	15	908			5	0			
*Simes	21.9	29.15	38.6	12	15.1	9.8	1	10	7.6	19	**	74	94	52	73	336	2465	**	**	**	**			3	0			

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

** Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2022 Mes: 7


Provincia Estación	T ^{ao} C			T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max		Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med.	Choiva		Xeada	
*Soutomaior	22.9	29.97	38.4	12	16.8	11.0	1	6	3.5	14	**	37	**	23	**	**	**	2	25	24	997	2	0		
*Torrequintáns	22.7	29.65	39.9	12	17.0	10.8	1	13	11.8	14	-171	77	95	56	70	323	2644	5	40	18	1009	3	0		
*Tremoedo	22.0	28.39	38.8	12	16.6	10.8	1	3	2.1	14	**	69	88	48	**	**	**	3	37	14	1010	2	0		
Vigo	22.8	28.21	37.6	12	17.9	12.9	1	6	5.3	3	**	66	83	49	**	**	**	**	**	**	**	2	0		
Vigo-Campus	22.4	26.99	35.9	12	17.8	12.7	11	0	0.6	19	-205	65	84	48	80	369	2809	6	48	14	966	1	0		
Xesteiras	20.7	25.54	35.6	12	16.6	11.3	1	8	6.3	19	**	73	90	50	**	**	**	25	96	14	937	2	0		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.



--Non hai datos

** Non se mide este parámetro nesta estación.


TEMPERATURA MÍNIMA DIARIA XULLO 2022



TEMPERATURA MÁXIMA DIARIA XULLO 2022



CHUVIA ACUMULADA DIARIA XULLO 2022



REFACHO MÁXIMO DIARIO XULLO 2022

